



CIRCULAR INFORMATIVA DO FUNCIONAMENTO DO COMEDOR PARA O CURSO 2016-2017

Seguindo o disposto na instrución 2/2016 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e O.U ,informamos:

Solicitudes

Xa se poden recoller no centro as solicitudes para facer uso do comedor para o curso 2016/2017. Terá dereito ao servizo todo o alumnado do centro que pertenza á área de influencia do mesmo ou en todo caso todo aquel alumnado que leve escolarizado mais dun ano no colexio.

Documentación :

Autodeclaración (Anexo II). (A recoller no centro coa solicitude).

Son usuarios gratuítos do servizo de comedor:

- Familias en situación de exclusión social
- Alumnos/as en acollemento
- Alumnos/as con discapacidade igual ou superior ao 33%
- Alumnos/as pertencentes a familias vítimas de terrorismo ou violencia de xénero.

(Todas estas circunstancias deben ser acreditadas xunto coa solicitude. É necesario traer copia e orixinal)

Número de prazas concedidas: 252

Selección de usuarios. Para a selección de usuarios establécese a orde seguinte de preferencia:

1. Alumnado usuario no curso anterior salvo que variasen as súas circunstancias.
2. Alumnado usuario lexítimo do servizo do transporte escolar.
3. Alumnado en situación de exclusión social ou con discapacidade igual ou superior ao 33%, certificadas polos servizos sociais ou municipais correspondentes.
4. Familia numerosa, acreditado co correspondente título ou carné expedido para o efecto.
5. Conciliación familiar e laboral.

Se ambos os pais traballan e non poden atender ao seu fillo/a na hora de comer, remitimos a normativa que establece a Consellería para este curso:

Alumnado fillo de pais e nais, titores legais ou acolletores familiares, traballadores ambos os dous con incompatibilidade dos seus horarios laborais co horario de saída do seu fillo/a ao mediodía, acreditada documentalmente, mediante documento expedido para o efecto polas/os respectivos empregadoras/ores, xunto cunha copia dos contratos de traballo, polas altas censuais iniciais ante a Axencia Estatal de Administración Tributaria e as modificacións posteriores e altas na Tesourería Xeral da Seguridade Social no réxime correspondente, de habelas e polas certificacións expedidas polas xefaturas de persoal correspondentes.

Esta documentación sobre conciliación laboral e familiar presentarse en Secretaría, durante o mes de setembro, e sempre antes do 12/09/16.

6. Alumnado escolarizado fóra da área de influencia.

Prazos:

Entrega de solicitudes: presentarse en Secretaría de 9:30 a 10:15 h. ata o **12 de setembro de 2016**. Con todo, na procura de axilizar o proceso, pódese entregar antes desta data en Secretaría **antes do 8 de xullo**.

Publicación lista provisionais e definitivas admitidos: en setembro de 2016.

Importante: Causa de baixa no servizo:

- Non estar ao corrente dos pagos: non se poderá facer uso do comedor mentres non se regularicen os pagos pendentes.
- Non asistir durante un mes de xeito continuado coa frecuencia solicitada.
- Os usuarios/as do servizo de comedor que en 3 ocasións non comuniquen a súa ausencia antes das 9.45 horas do día que deba ter efecto, poderán ser suspendidos pola Dirección do dereito de uso do servizo durante 10 días.

Xinzo de Limia, 6 de xuño de 2016

A dirección do centro

